


O efémero como trazo permanente



ENSAIOS SOBRE O EFÉMERO

VÍTOR VAQUEIRO

Editorial Galaxia | 2025 | 171 páxinas

Nun libro queda a pegada da présa ou da pausa coa que se escribe, e canto máis nos achegamos á actualidade, máis casos atopamos que denotan un exceso da primeira. *Ensaaios sobre o efémero* foi escrito con pausa, e de feito Vitor Vaqueiro tardou máis de trinta anos en completalo. Isto nótase non só na precisión da súa prosa, senón tamén na riqueza das referencias e, quizais aínda máis, na capacidade para habitar múltiples voces e perspectivas sen nunca perder o pulso nin o estilo.

A obra preséntase como un conxunto de textos breves —entre 59 e 435 palabras— agrupados en tres seccións: *Anais*, *Biografías* e *Relatorios*. Se ben o autor é coñecido pola súa obra poética e narrativa de maior extensión, a forma breve non limita aquí as posibilidades expresivas, senón que máis ben semella amplialas, potenciando a carga simbólica e a tensión narrativa. Cada palabra preséntase medida, colocada no seu lugar exacto, amosando pulcritude e coidado na composición.

Na primeira parte, *Anais*, atopamos xa relatos que moitas veces só revelan o seu sentido no último parágrafo ou mesmo na última frase. Estes xiros finais non funcionan como meros xogos, senón que achegan enorme intensidade. O lector é convidado a habitar unha zona de ambigüidade e incerteza previa á final revelación. Os relatos vense cruzados por ecos das *Mil e unha noites*, de Borges e de Cortázar e manteñen un pé na historia do mundo clásico e da antigüidade oriental e outro na

tradición cultural galega. Non falta a reflexión irónica sobre temas como a vontade divina, nin o humor, coa aparición inesperada do “dinoseto” nun dos momentos de maior confusión.

Biografías, a segunda parte, cambia o foco cara á vida individual, sen deixar de lado a metáfora e o surrealismo. A capacidade do autor para crear atmosferas que envolven o lector, xa patente na anterior sección, segue demostrándose aquí, e ao longo de toda a obra. Algúns dos protagonistas, como Alfonso Graña ou Isabel Barreto, pertencen á historia esquecida ou marxinada, e recuperalos semella un acto político. Malia o formato común, os cambios de ton son constantes, pasando o autor da sátira relixiosa (Tetzl e as indulxencias preventivas) á épica traxicómica (o suicidio de Herminio Rotea), e do lirismo nostálgico (Tuone Udaina, último falante de dálmata) á fabulación máis pura (Frederico Formoso, presidente).

Seguramente sexa a última sección, *Relatorios*, a menos suxeita á realidade fáctica. Aquí atopamos relatos que fan máis difícil que o lector se sitúe, algúns abertamente oníricos. Perdémonos entre secuencias de violenta introspección e variacións sobre a guerra, o sexo, a identidade e a memoria. Os textos xogan máis que nunca co absurdo e a ironía, con personaxes como Aníbal reconvertido en director de circo ou o abade conservador que pescuda na súa biblioteca unha edición de *A orixe das especies*. Remiten deste xeito á fantasía, mais sempre cun pé na realidade política e social. A presenza constante de nomes e arquetipos femininos e a violencia que os atravesa funcionan como unha crítica firme do papel imposto á muller no imaxinario colectivo.

Ao longo das tres seccións, Vaqueiro demostra unha capacidade camaleónica para se converter nos personaxes que crea. Ao habitar as súas perspectivas fai ao lector partícipe das mesmas con mestría. Estas lévannos a distintas culturas e épocas, a Oriente e Occidente, á realidade histórica e ao mito, con absoluta naturalidade. O pensamento existencialista e psicanalítico, as bruxas e os inquisidores, as revolucións e as reflexións filosóficas sobre a historia e o ser humano conviven nun universo literario no que non se distingue o culto do popular, o real do fabuloso, o erótico do tanático.

Nun momento de formatos comerciais e fórmulas xa coñecidas, *Ensaio sobre o efémero* aposta pola esixencia estética e intelectual, sen abandonar o compromiso ético. A súa aparente dispersión esconde unha coherencia inesperada que se vai revelando ao lector que se detén a indagar sobre ela. Recórdanos algo que xa sabiamos pero que moitas veces esquecemos: que o puntual e momentáneo, en tanto que en gran medida é o único que hai, ten algo de permanente, incluso de eterno. Deste xeito invita a reler e a cavar, emocionando unhas veces e desacougando outras, e sempre interpelando ■ **Xosé López Ares**